

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

14

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

XANEIRO

Premiando a solidariedade

L	M	MÉ	X	V	S	D
1	2	3	4 Día Mundial do Braille	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24 Día Interna- cional da Educación	25	26 Día Interna- cional da Energía Limpa	27	28
29	30	31				

CHAVES DESTE NÚMERO

A entrega de premios UVigo-Humana

Os galardóns Consello Social-UVigo Humana tiveron lugar este pasado 21 de decembro e neles premiouse a solidariedade e o traballo de cooperación de organizacións e asociacións, tanto no ámbito internacional coma no autonómico. As entidades gañadoras foron Agareso e IM-Defensoras.

EVENTOS

Xa se coñecen as persoas gañadoras dos premios Consello Social-UVigo Humana

Na V edición dos premios UVigo-Humana, as organizacións galardoadas foron da [Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social \(Agareso\)](#) e da [Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos \(IM-Defensoras\)](#).

Por una banda, **Agareso** traballa no eido da comunicación para o cambio social como ferramenta para promover sociedades pacíficas, inclusivas e máis xustas. Isto é clave nun contexto global

no que non deixan de aumentar desinformación e os discursos de odio. Trátase dunha organización sen ánimo de lucro formada por un colectivo de profesionais da comunicación en Galicia.



Foi creada en 2008 e dende entón desenvolve intervencións de todo tipo. En cooperación, leva a cabo proxectos de comunicación para o desenvolvemento en países do sur, tales como a creación de redes de información e o fortalecemento de radios e canles de televisión. Tamén traballan no ámbito da sensibilización e educación para o cambio social. Dende 2015 organizan unha serie de obradoiros en distintos institutos galegos de secundaria co obxectivo de educar en valores e incrementar o pensamento crítico do alumnado. [+Info](#)



Por outra banda, **IM-Defensoras** (Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos) iniciou o seu traballo en 2010 coa fin de dar resposta integral e rexional ao aumento da violencia contra as persoas defensoras de dereitos humanos en Mesoamérica. Actualmente, IM-Defensoras busca fortalecer e vincular persoas que participan en distintas organizacións e movementos sociais para crear redes de protección e solidariedade entre elas e aumentar a visibilidade, o recoñecemento e o impacto do seu traballo polos dereitos huma-

nos. As organización que impulsan IM-Defensoras buscan deseñar alternativas de protección integral feminista que teñan en conta o contexto de discriminación contra as mulleres imperante na rexión en resposta da violencia exercida cara aquelas que velan pola igualdade e o benestar.

IM-Defensoras ten vinculación coa nosa contorna grazas á Coordinadora Galega de ONGD e o seu programa «Defensoras de Dereitos», financiado pola Deputación de Pontevedra. No marco de dito programa, a Universidade de Vigo colaborou sendo sede de reunión e encontros con persoas defensoras de dereitos, así como na procura de iniciativas para facer de Galicia un lugar de acollida. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Concurso de vídeos de People & Planet sobre os hábitos sostibles. People & Planet convoca este certame, financiado polo programa DEAR da Comisión Europea, para promover entre a mocidade os estilos de vida sustentables. As persoas participantes deben ter entre 15 e 30 anos e crear un vídeo breve, de ata un minuto de duración, no que identifique un problema local ou global e explique o que se pode facer ao respecto. O premio estatal consiste nun *ecopack* de produtos e experiencias sostibles e, ademais, a persoa que gañe a fase europea participará nun campus internacional en Portugal. O vídeo ha de subirse ás redes sociais co cancelo #PeopleOfTheFuture e despois rexistralo na páxina <https://waterofthefuture.org/video-challenge>. A convocatoria permanecerá aberta ata o 31 de xaneiro de 2024 e cadaquén pode enviar un máximo de dúas propostas.

[+Info](#)



Proxectos de Investigación do «Programa de Impulso á Investigación Universitaria en Tecnoloxías para o Ben Común». Enxeñería Sen Fronteiras, Arquitectura Sen Fronteiras e a rede Artigo9tech de investigadores para o desenvolvemento abren unha convocatoria dirixida ao PDI de calquera universidade pública galega ou centro de investigación público para o financiamento de proxectos de investigación en tecnoloxías para o desenvolvemento humano. O obxectivo desta convocatoria é promover a investigación en tecnoloxías para o ben común. Pretende promover contribucións multidisciplinares ao desenvolvemento e á fomento de novas

tecnoloxías, e tamén enfoques técnico-científicos no campo da cooperación (local e internacional). Para esta convocatoria destináronse fondos para un total de 8.200€ e financiarase un máximo de 3.000€ por proxecto. É posible participar na convocatoria enviando propostas ata o 21 de xaneiro de 2024. [+Info](#)

Proxectos de Cooperación Europea 2024. A convocatoria de Proxectos de Cooperación Europea (2024) do Programa Europa Creativa 2021-2027 apoia proxectos culturais transnacionais de dimensión europea sen ánimo de lucro no ámbito dos sectores cultural e creativo (artes visuais, artes escénicas, música, literatura, patrimonio e demais). Cos obxectivos de promover o talento e a cultura europea, esta convocatoria fai una chamada a proxectos que traten de temas tales como a inclusión social, a saúde e o benestar, particularmente a saúde mental, a sustentabilidade, a dixitalización, a dimensión internacional e o apoio aos sectores culturais e creativos de Ucraína. Poden participar todas as organizacións públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro que cumpran cos seguintes requisitos: un mínimo 2 anos de existencia, estar legalmente establecidas nun dos países participantes e formar parte dun país membro da UE. A data límite de presentación é o 23 de xaneiro de 2024, ás 17:00. [+Info](#)

II edición do concurso de vídeos Marie Tharp. Un ano máis, a Comisión de Igualdade e Sostibilidade do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM) convoca o concurso Marie Tharp, dirixido a mulleres investigadoras vinculadas ao centro. O certame consta de dúas categorías: predoutoral e postdoutoral junior, e

CONCURSO MARIE THARP
Para mulleres investigadoras
2023

Grava o teu vídeo e participa!
Accede ás bases do concurso en cim.uvigo.gal

CATEGORÍAS
Predoutoral e postdoutoral junior
Só mulleres investigadoras vinculadas ao CIM

PREMIO
1000€ por categoría
para adquirir material informático ou asistencia a congreso nacional ou internacional

DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN
Xoves 18 de xaneiro de 2024, ás 13:00h

Envía unha ligazón para descargar o teu vídeo a cim@uvigo.es

CIM Centro de Investigación Mariña Universidade de Vigo

CIM * CAMPEO DE VIGO

está dotado cun premio de 1000 euros por cada unha delas para adquisición de material informático ou para a asistencia a congresos.


As investigadoras interesadas deberán gravar un vídeo dunha duración máxima dun minuto contando brevemente e de forma sinxela en que traballan e cal é o motivo, os obxectivos, o plan de traballo, os resultados ou impacto da súa investigación. O vídeo deberá ser enviado cun enlace para a súa descarga antes do 18 de xaneiro de 2024 a cim@uvigo.gal. [+Info](#)

FORMACIÓN

Curso do IECAH sobre a violencia de xénero en contextos humanitarios.

O Instituto de Estudos sobre Conflictos y Acción Humanitaria aborda neste curso virtual, «Violencia de xénero en contextos humanitarios», os contidos relacionados co xénero e a violencia baseada no xénero e expón o marco

normativo que apoia aos actores humanitarios na loita contra este tipo de violencia. Á súa vez, expón as directrices para coordinar, planificar, executar e avaliar este tipo de accións en emerxencias humanitarias para poder apoiar e acompañar correctamente ás mulleres sobreviventes de violencia. A formación está dirixida a todas as persoas interesadas. A inscrición está aberta ata o 5 de febreiro de 2024 e o curso impartirase do 12 de febreiro ao 24 de marzo. [+Info](#)



Mestrado da UNED de Cooperación para o Desenvolvemento. O curso está dirixido principalmente a profesionais de organismos de desenvolvemento, pero tamén a todos aqueles titulados universitarios, con ou sen experiencia previa, que desexen enfocar a súa práctica profesional cara á cooperación para o desenvolvemento. Este curso proporciona unha visión xeral

do a cooperación para o desenvolvemento, tanto dun xeito teórico como de práctico e de utilidade na vida diaria. Proporciona coñecementos sobre a planificación de proxectos e estratexias de axuda humanitaria. A inscrición está aberta ata o 15 de xaneiro e a formación vai dende xaneiro ata decembro de 2024. [+Info](#)

PUBLICACIÓN DE ARTIGOS

- REEDES, o Servicio de Cooperación al Desarrollo UCM (Vicerreitorado de RR.II. e Cooperación), o Instituto Complutense de Estudios Internacionales (ICEI, UCM) e o Instituto Universitario de Desarrollo y Cooperación (IUDC, UCM), fan un chamamento para a recepción de resumos de comunicacións/relatorios para o VII Congreso Internacional de Estudios del Desarrollo (VII CIED), baixo o título *Transiciones justas y pactos para el desarrollo sostenible*. Tras a ampliación do prazo, os resumos poden enviarse ata o día 11 de xaneiro de 2024. O congreso celebrarase o 30 e 31 de maio de 2024. [+ Info](#)

NOVAS DO DUVI

A revista 'Gender on Digital' nace para difundir coñecemento científico, crítico e feminista, sobre os riscos éticos da transformación tecnolóxica [+Info](#)

O XIX Maratón Solidario de Zumba permite reunir preto de 200 quilos de alimentos [+Info](#)

As experiencias persoais de cinco enxeñeiras marcan o arranque do ciclo 'Conectando en igualdade' [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)